

ACTA DE REUNIÓN EXTRAORDINARIA DE XUNTA GOBERNO

DATA: mércores, 23 de Febreiro de 2022

LUGAR: Modalidade a través da Plataforma Zoom

HORARIO: 17.00 – 21.30

REDACTORA ACTA: Nerea Fernández Gómez

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES:

Ana María Rodríguez Fernández

Pablo Antelo García

María Rosario Capelo Casas

Laura Zapata Criado

Elena Gómez Fernández

Adriana Vieites Freire

Cristina Díaz Mira

Ana María Vilar Varela

Antonio Doval Canabal

RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES

Miriam Rodríguez Sierra *delega o seu voto* en Ana María Vilar Varela

ORDE DO DÍA

1. Aprobar, se procede, a acta da Reunión Ordinaria do 26 01 2022 e as convocatorias de modalidade non presencial do 01 02 2022 e 09 02 2022

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade as actas da Reunión Ordinaria do 26 01 2022 e as actas das convocatorias de modalidade non presencial do 01 02 2022 e 09 02 2022.

2. Informar sobre a situación actual do SOFTWARE do COTSG.

Están presentes a Asesora Xurídica do COTSG, Julia Álvarez, e o responsable informático Miguel Maroño, para expoñer a situación do SOFTWARE encargado á empresa “CIGESOC” e informar das posibilidades de interpoñer unha demanda contra esta empresa por non ter cumprido os obxectivos acordados.

A Xunta de goberno aproba por unanimidade interpoñer unha demanda xudicial contra a empresa CIGESOC e, ademais, aprobar o orzamento presentado pola empresa “Mmbuxan” para elaborar un novo Software.

3. Aprobar, se procede, o Grupo de Traballo de Saúde Mental

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade a creación do Grupo de Traballo de Saúde mental, tendo de referencia a Antonio Doval e Miriam Rodríguez como integrantes de enlace entre o grupo e a Xunta de Goberno.

4. Aprobar, se procede, a actualización das normas APA revisadas pola mesa de redacción da Revista Fervenzas do COTSG

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade a actualización das normas APA da revista Fervenzas.

5. Día Mundial:

a. Informar da temática e actuacións do Día Mundial do Traballo social 2022

O tema deste ano para conmemorar o Día Mundial do Traballo Social presenta unha visión e un plan de acción para crear novos valores, políticas e prácticas globais dedicadas ao coidado e a sustentabilidade do planeta, e polo tanto, dean seguridade e confianza a todos os seres vivos que nel habitan.

Pois ben, a vogal Elena Gómez e a Técnica Nerea Fernández, expoñen as actuacións que se levarán a cabo respecto a temática mencionada:

- XORNADAS ONLINE: “O Traballo Eco-Social máis que nunca: A realidade do Rural Galego” 15 DE Marzo 2022, de 17.00h a 19.00h.
 - 1ºParte: Mesa redonda coas poñentes:
 - Natividade de La Red (Traballadora social. Doutora en Ciencias políticas e socioloxía) “Unha mirada ética á construción eco-social nos ámbitos rurais”
 - Carmen Figueiras (Presidenta Colexio Arquitectura Galicia) “*Arquitectura sostible e inclusiva*”
 - Abeluria (Cooperativa Galega para a economía social) “*O aporte social e territorial da economía social*”
 - Marta Pernas (Traballadora social) “*Ecofeminismos e Permacultura*”
 - Carolina Jiménez (Trabaladora social autora do Blog #Tsdepueblo “
 - 2º Parte: Entregas dos Premios do Día Mundial
- Campaña en redes sociais visibilizando proxectos sociais sostibles na comunidade galega, os cales sexan liderados e/ou en colaboración por traballadoras/es sociais.

b. Aprobar, se procede, prestación económica para as profesionais que participarán no WEBINAR e dos Pins dos 25 anos como colexiada/o

A Xunta de Goberno aproba a cantidade de 75€ como contía para abonar as persoas participantes no Webinar do Día Mundial. Asemade, suscítase a posibilidade de crear un documento para aprobar pola Xunta de Goberno onde conste as diferentes tipoloxías de tarifas para futuros poñentes.

A Xunta aproba o orzamento presentado pola xoiería “Mayer” 18,00€ I.V.E/unidade sen caixa, polo tanto serán 50 unidades por 900,00€ I.V.E.

Respecto a caixa, acordan que se procure entidades que elaboren caixas sostibles para o Pin.

6. Consello Xeral de Traballo social

a) Informar as Alegacións do Anteproxecto da Lei de Servizos Sociais

Toma a palabra Ana Vilar, vocal do Consello e vicepresidenta do COTSG. Informa sobre o documento elaborado polo Consello das Alegacións do Anteproxecto da Lei de Servizos sociais en colaboración con todos os 36 Colexios Oficiais de Traballo Social do Estado.

b) Posicionamento do Consello da Lei 8/2021 discapacidade

Vilar engade que, tras a reunión mantida co Colexio de traballo Social en Madrid, o Consello fará publico un posicionamento ante a Lei 8/2021 coas conclusión acordadas na reunión.

Asemade, engade as seguintes cuestións que teñen que ver co Consello Xeral.:

- Os documentos elaborados polo grupo de Traballo Social en educación foron trasladados ao Consello Xeral e aos demais Colexios estatais como soporte documental para continuar visualizando esta figura en todos os territorios.
- Vilar informa de que participa, xunto coa Universidade de Cataluña, nun plan sobre “Cronicidade” onde se teña en conta as características de cada territorio así como a integración efectivo do “sociosanitario”. Para elo, Vilar indica que participan diferentes profesionais do ámbito sanitario e social.
- Finaliza expoñendo que participará co Consello nunhas xornadas de “Innovación Social” na cidade de Amsterdam, presentando o novo Modelo de Servizos Sociais.

c) Integrantes da Xunta de Goberno que acudirán a Asemblea Xeral

Rosi Capelo será a integrante de Xunta de Goberno, xunto con Ana Vilar, que asista á Asemblea Xeral do Consello Xeral o vindeiro 12 de marzo.

d) Integrantes da Xunta de Goberno e/ou Técnicas do COTSG que acudirán ao Congreso Estatal de Traballo Social

Cristina Díaz será a integrante de Xunta de Goberno que acudirá ao Congreso Estatal de Traballo social. Así mesmo, a secretaria Ana Rodríguez indica que sería de interese cubrir este Congreso de xeito informativo para as redes sociais do Colexio , mediante entrevistas e historias en Instagram. Neste senso, acordan que acudan a responsable de comunicación, Tamara Fernández, mais a coordinadora, Nerea Fernández, para dar cobertura nas redes do que ocorra no Congreso.

7. Informar da Reunión coa Dirección Xeral de Inclusión

Ana Vilar expón a reunión mantida coa Dirección xeral de Inclusión Social na Xunta de Galicia, na que se trataron os seguintes puntos:

- Os cambios que se van producindo na nova Lei de Inclusión (conceder máis importancia á intervención social, reducir os procesos burocráticos unificando sistemas de soporte e a dotación de orzamento económico a través do Plan Concertado).
- A implementación do IMV e a RISGA.
- Modificación da Lei 8/2021 e o tipo de informe social que recolle como instrumento de valoración.
- O COTSG puxo de manifesto a obrigatoriedade de participar na elaboración da normativa sectorial que se están poñendo en marcha (Lei 8/2021, Borrador da nova Lei de dependencia, etc.), entendendo que existe unha necesidade de valoración social, un acompañamento e un diagnóstico social coas persoas con necesidades ou desaxustes en diferentes ámbitos das súas vidas
- Importancia da coordinación de todos os sistemas que operan no social (vivenda, seguridade social, etc.), así como o reforzo de persoal das Equipas sociais en Galicia (Servizos sociais, xustiza coa creación das Oficinas de Atención Social, saúde, Inclusión, etc.).
- Puxemos en valor a esixencia aos Concellos de melloras laborais para as Traballadoras sociais galegas, profesionais con soldos moi baixos e condicións de traballo complexas. Sendo unha profesión altamente feminizada, a Xunta debe de loitar por non precarizar esta rama dos coidados e esixir salarios dignos e estabilidade laboral.

8. Informar da Reunión coa Consellería de Educación

Ana Vilar informa á Xunta de Goberno da reunión mantida coa Subdirección Xeral de Innovación, orientación e formación de recursos humanos, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Na devandita reunión, celebrada o pasado 15 de febreiro, tratáronse os seguintes aspectos:

- Necesidade de tender pontes de enlace entre o Sistema social e o Sistema educativo como alicerce fundamental para as familias e o alumnado.

- Análise das eivas sociais detectadas desde os grupos de Traballo Social en Educación e Comisión de Infancia e Galicia, así como a experiencia doutras Comunidades Autónomas.
- Obxectivo de poñer en valor a figura do Traballo Social nos centros escolares e a figura de Coordinación de Benestar.
- Propostas concretas desde os Equipos de orientación específicos e preocupación polas prazas de Traballo social nos EOE.

Vilar engade que, por parte da Consellería, se nos indica que non ven a necesidade desta figura profesional, polo que nos ofrece a posibilidade de impartir formación dentro da rede do profesorado.

A Xunta de Goberno acorda trazar estratexias de actuación en colaboración co grupo de Traballo en educación activo no COTSG.

9. Queixa 5/2021 Aprobación, se procede, o arquivo do expediente

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade archivar a queixa 5/2021, xa que despois da revisión dos feitos pola asesoría Xurídica e apertura de dilixencias informativas, valorase que a actuación da persoa denunciada non parece constitutiva de ningunha infracción nin colexial nin deontolóxica.

10. Queixa 6/2021 Aprobación, se procede, o arquivo do expediente

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade elevar a queixa 6/2021 á Comisión deontolóxica, co obxectivo de determinar se concorren circunstancias que xustifiquen unha mala praxe para iniciar un procedemento sancionador ou o arquivo directamente.

11. Queixa 8/2021 Aprobación, se procede, da apertura de dilixencias informativas ou archivar o expediente

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade archivar a queixa 8/2021, motivando á mesma en virtude de debe dirixirse ao seu Concello para clarexar as dúbidas que expón.

12. Queixa 1/2022 Aprobación, se procede, da apertura de dilixencias informativas ou archivar o expediente

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade archivar a queixa 1/2022, , xa que tras o estudo da mesma por parte da asesoría xurídica, valorase que a actuación das persoas denunciadas non parece constitutiva de ningunha infracción nin colexial nin deontolóxica.

13. Queixa 2/2022 Aprobación, se procede, da apertura de dilixencias informativas ou archivar o expediente

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade archivar a queixa 2/2022, , xa que tras a análise da asesoría xurídica ,valorase que se ben é certo que nas Bases non consta expresamente o requisito de estar colexiada no COTSG, sen embargo si se recolle expresamente que o obxectivo desta Convocatoria é incentivar e fomentar a participación das persoas colexiadas ao tempo que se recoñece e premia a divulgación dos traballos de investigación e boas prácticas relacionadas coa disciplina do Traballo Social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

14. Aprobar, se procede, as baixas da listaxe de persoas históricas que non están ao corrente das contas (xubilacións, falecementos, etc.)

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade dar de baixa ás persoas da Listaxe de morosidade do COTSG.

15. Informar da Categoría de “investigación” dos Premios do Día Mundial

A Técnica Nerea Fernández informa de que a Comisión de Valoración para os Premios na modalidade de Investigación, conformada por Don Xosé Manuel Cid [*Vicedecano da Facultade de Educación e Traballo Social. Universidade de Vigo*], Don Tomás Costal Criado [*Secretario do Centro Asociado UNED Pontevedra*] e Dona Teresa Facal Fondo [*Directora da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de C.*], expoñen ao COTSG de que a única candidatura presentada en “investigación” dos Premios do Día Mundial non cumpre os requisitos fundamentais, polo que solicitan valorar a posibilidade de que o premio fiquese deserto. O informe contén a fundamentación do xurado para a toma desta decisión.

Pois ben, a Xunta de Goberno acorda que, ante a valoración do xurado como profesionais expertas/os designados a tal efecto, a categoría de “investigación” dos Premios do Día Mundial de Traballo social 2022 ficará deserta.

16. Cuestións a tratar do persoal do COTSG

A secretaria do COTSG, Ana Rodríguez, informa á Xunta de goberno as propostas trasladadas por parte do equipo:

- Pechar os venres pola tarde .
- Acordo de Teletraballo ao amparo do establecido nos artigos 13 e 34.8 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e o Real Decreto-lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia.
- Regularizar as horas extra.

A xunta de Goberno acorda que a Asesora Xurídica elabore un documento no que se recollan os temas tratados co obxecto dunha negociación por ambas partes.

17. Rogos e Preguntas

- A Xunta de Goberno aproba o orzamento de “FH soluciones en mobiliario, s.c.” para regular o sistema de apertura de xanelas exteriores de aluminio, por 90€ con I.V.E
- Toma a palabra a vogal Cristina Díaz, informando das alegacións elaboradas e enviadas aos sindicatos respecto á RPT da Xunta de Galicia. Neste senso, solicita á Xunta de Goberno interpoñer recurso á RPT unha vez publicada, así como comezar coas liñas estratéxicas de reunirse nun futuro con todas as centrais sindicais e trasladarlle as nosas inquiredanzas.

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade interpoñer recurso á RPT da Xunta de Galicia cos puntos previamente acordados nas alegacións.

Altas:	Baixas:
4199	1176
4200	2921
3882	3418
3995	104

4201	2063
4202	2880
4203	3461
4204	3720
4205	1520
4206	128
4207	Baixas
4208	Morosidade:
4209	13
1920	49
4210	80
4211	162
4212	186
4213	246
	284
	309
	447
	564
	2216
	1256
Total colexiados/as:	3.169.-

Visto e praxe:

A Presidenta Accidental



A Secretaria

